

UN FEITO SINGULAR NA HISTORIA DA CIDADE DA CORUÑA

Alejandro Fernández Barreiro

Decano da Facultade

O 7 de maio de 1987 publicábase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 89/1987, do 14 de abril, polo que se dispoñía a creación na Universidade de Santiago dunha segunda Facultade de Dereito con sede no Campus Universitario da cidade da Coruña.

O feito producíase nun momento de expansión da demanda social de estudos universitarios en Galicia. En lugar de seguir desenvolvendo o modelo ata entón prevalente de crecemento do Campus Universitario de Santiago, tanto as autoridades académicas como as responsables da política educativa adoptaron nese momento o criterio de iniciar a potenciación dos Campus periféricos, que contaban con cidades nas que residía un notable continxente de poboación estudiantil.

Aínda que froito dese proceso expansivo, a creación na cidade da Coruña dunha Facultade de Dereito tiña unha significación histórica de todo singular. En efecto, desde que Felipe II dispuxo en virtude dunha Real Cédula do 14 de agosto de 1563 a instalación estable na Coruña da Real Audiencia de Galicia, iniciouse nesta cidade unha prolongada tradición xurídica, que dotou á Coruña dun indiscutido protagonismo nos medios relacionados coa práctica do dereito, permanecendo, sen embargo, na marxe da ensinanza universitaria deste. Cando o Estatuto de Autonomía estableceu na Coruña a sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non se fixo outra cousa senón recoñecer aquela tradición, polo que, a creación da Facultade de Dereito aparece como un acontecemento relevante, inscrito na vocación xurídica que a Historia atribuíra á cidade da Coruña.

O novo Centro docente universitario iniciaba a súa vida académica en outubro de 1987, sendo designado Decano-Comisario o Prof. Dr. D. José Antonio Portero Molina. Trala creación da Universidade da Coruña (Lei 11/1989, do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia), e conseguinte segregación da de Santiago dos Centros situados nos Campus Universitarios da Coruña e Ferrol (Decreto 31/1990, do 11 de xaneiro), a Facultade de Dereito viuse honrada coa designación do seu Decano como primeiro Rector, cargo posteriormente encomendado ó tamén Catedrático da Facultade de Dereito Prof. Dr. D. José Luis Meilán Gil, a quen correspondeu levar a cabo o proceso constituínte da nova Universidade, o Claustro da cal lle outorgou posteriormente a súa confianza en sucesivas ocasións despois de celebrados os correspondentes procesos electorais. Aínda co carácter de Decano-Comisario foi designado (20 de setembro de 1989) para ese cargo o Prof. Dr. D. Enrique Orts Berenguer, cesando neste trala súa incorporación á Universidade de Valencia; desde o

25 de setembro de 1991, a Xunta de Facultade distinguiu ó autor destas liñas coa honra de dirixir e representar ó Centro.

A pesar da súa aínda curta vida, a Facultade de Dereito da Universidade da Coruña logrou xa un alto grao de consolidación interna e unha apreciable proxección social. Iso foi posible, ante todo, mercé á incorporación de Profesorado Numerario con acreditada experiencia docente e científica; nestes momentos, a Facultade conta con 42 Profesores Numerarios, dos que 19 son Catedráticos e 23 Profesores Titulares. O Claustro de Profesores foise integrando en parte por docentes procedentes da Universidade de Santiago, pero tamén ó mesmo tempo, por outros formados en distintas Universidades españolas, e nos últimos anos comezaron a acceder ó Profesorado Licenciados da propia Facultade, a iso hai que engadir aínda a incorporación á docencia como Profesores Asociados de varios profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da Maxistratura e a Avogacía.

As distintas Areas de coñecemento encóntranse integradas nos Departamentos de Dereito Privado, Dereito Público, Dereito Público Especial e Ciencias Xurídicas Fundamentais. Ademais da organización da docencia nos estudos da Licenciatura, desde os Departamentos e as Areas de coñecemento veuse promovendo un importante número de Seminarios e Cursos de Posgrao. Os resultados globais das promocións de Licenciados que se sucederon desde 1992 acreditan un bo rendemento académico do Centro e a calidade do alumnado, que contou sempre con grupos e asociacións dinamizadoras da participación na vida universitaria e promotores dun gran número de actividades. Unha importante contribución ó bo funcionamento da Facultade correspondeu tamén ó dilixente traballo dos profesionais que desenvolven as súas tarefas cotiás no ámbito da administración e os servicios.

A cultura da convivencia, propia da vida e da educación universitaria, foi, en último termo, un factor determinante no desenvolvemento desta Facultade, ó facilita-lo necesario sosego que o estudio require. A publicación dunha Revista científica constitúe o mellor modo de conmemora-la primeira década de vida dunha Facultade de Dereito, que debe aglutina-las funcións docentes e as investigadoras. Nesa simbiose encóntrase, en efecto, o sinal de identidade da xenuina concepción da institución universitaria, as ensinanzas da cal han de orientarse, sen dúbida, á formación de profesionais e, polo tanto, con sentido práctico, pero, ó mesmo tempo, dotados de sentido crítico. A Revista dunha Facultade de Dereito ten que ser, necesariamente, interdisciplinar; o contido da presente ten ese carácter, e pretende servir de canle de comunicación institucional coa comunidade científica das diferentes Areas de coñecemento e de relación co conxunto de profesionais que integran a profesión xurídica.